



**XUNTA DE FACULTADE**  
**BORRADOR ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2021**

<p><b>Asisten:</b></p> <p><i>Equipo decanal:</i>                  Prof. Francisco José Torres Pérez (Presidente)                  Prof. María Antonia Arias Martínez (Secretaria)                  Prof. María Belén Fernández Docampo                  Prof. José Carlos Orge Míguez                  Prof. Xosé Manuel Pacho Blanco                  Prof. Regina Paz Ibáñez</p> <p><i>PDI-A:</i>                  Prof. María Cruz Barreiro Carril                  Prof. Gloria Caballero Fernández                  Prof. Jaime Cabeza Pereiro                  Prof. María Isabel Cal Bouzada                  Prof. Julio Costas Comesaña                  Prof. Carmen Domínguez Rubira                  Prof. Pablo I. Fernández Carballo-Calero                  Prof. Margarita Fuenteseca Degeneffe                  Prof. Marta García Mosquera                  Prof. Pablo Grande Seara                  Prof. Baltasar Manzano González                  Prof. Ángel Manuel Mariño de Andrés                  Prof. Rafael Fernández Acevedo                  Prof. Helena Martínez Hens                  Prof. María Teresa Martínez Táboas                  Prof. Lydia Noriega Rodríguez                  Prof. José Ramón Rodríguez Lago                  Prof. Carmen Ruiz Hidalgo</p> <p><i>PDI-B:</i>                  Prof. Alexandre Pazos Pérez                  Prof. Pablo Riquelme Vázquez                  Prof. Rosa Rodríguez Martín-Retortillo</p> <p><i>Estudiantes-1º/2º ciclo:</i>                  Dª. Paloma Acosta Virzi                  Dª. Sandra María Martínez Gómez</p> <p><i>Estudiantes-3º ciclo:</i>                  Dª. Itziar Sobrino García</p> <p><b>PAS:</b></p>	<p>Acta da Comisión ordinaria da Xunta de Facultade do día 21 de decembro de 2021, convocada por orde do Presidente da mesma, Francisco José Torres Pérez, ás 1:200h en primeira convocatoria, e ás 12:30h en segunda convocatoria, celebrada telematicamente na Aula Virtual "Salón de Graos" da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (8-07-2021).</li> <li>2. Informes do Sr. Decano.</li> <li>3. Aprobación, se procede, da modificación de datas de exame correspondentes á convocatoria de xullo do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos</li> <li>4. Aprobación, se procede, do nomeamento dun representante do alumnado de terceiro ciclo como membro da Comisión Permanente da Xunta de Facultade.</li> <li>5. Aprobación, se procede, do nomeamento dun membro vogal titular e dun membro vogal suplente na Comisión de Avaliación por compensación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.</li> <li>6. Aprobación, se procede, do nomeamento dun representante de estudantes (1º e 2º ciclo) na Comisión Permanente e na Comisión de Avaliación por Compensación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.</li> <li>7. Aprobación, se procede, dos Informes de Coordinación, correspondentes ao curso 2020-2021, dos títulos de Grao e Máster do Centro.</li> <li>8. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento do PAT-ANEAE.</li> <li>9. Ratificación, se procede, da Acta do tribunal para a concesión dos premios extraordinarios fin de carreira do Grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2020-2021.</li> </ol>
--	--



<p>D. Jesús Erias Pérez D<sup>a</sup>. Alba Victoria Portela Moldes D. Manuel Ángel Valcárcel Martínez</p> <p><b>Desculpan asistencia:</b> Prof. María José Bravo Bosch Prof. Noemí García Gestoso Prof. Esther Pillado González Prof. Emma Rodríguez Rodríguez Prof. Anxo Tato Plaza D. Lucas Castro González</p>	<p>10. Aprobación, se procede, da proposta de Tribunais avaliadores de TFG do Grao en Dereito para o curso 2021-2022.</p> <p>11. Aprobación, se procede, da proposta de Tribunais avaliadores de TFG do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2021-2022.</p> <p>12. Aprobación, se procede, da avaliación de informes dos méritos docentes (quinquenios) da convocatoria do ano 2021.</p> <p>13. Rolda aberta de intervencións.</p>
--	--

Ás 12:30h do día 21 de decembro de 2021 comeza a reunión da Xunta de Facultade, coa asistencia dos membros enriba enumerados.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (8-07-2021).**

Apróbase por asentimento.

**2. Informes do Sr. Decano.**

1º. Asuntos en materia de calidade e relacionados coa secretaria académica do Centro:

- O pasado 23 de novembro de 2022 tivo lugar a auditoría ACSUG co fin de obter a Recertificación do Sistema de Garantía Interno de Calidade. Estamos a espera do correspondente informe.
- O prof. Francisco Torres Pérez, en calidade de Decano, e o prof. Luis M. Muleiro Parada, en calidade de Director de Departamento, participarán na Comisión de Traballo para o impulso do Manual de Boas prácticas na Docencia, constituída na última reunión do Claustro.
- Participación do Sr. Decano na Comisión Galega de Conferencia decanos na cal se ven debatendo sobre a posibilidade de impulsar a creación e impartir materias xurídicas en Secundaria e Bacharelato.
- Nomeamento da prof. Tamara Álvarez Robles como responsable internacional do Centro en substitución do prof. José Durán Vázquez ao que se lle agradece a labor desenvolvida.
- Apertura do proceso electoral para elección a membros da Xunta de Facultade coa posibilidade de presentar candidaturas do 10 ao 17 de xaneiro do ano 2022.

2º. Asuntos en materia de infraestruturas e orzamento:

- Rematadas as obras de audio do Salón. Falta a renovación de mobiliario e resolver problemas de humidades que quedan para o ano 2022. Instalación de novo mobiliario na aula de videoconferencia. Agora falta o pintado da mesma. Restaurouse o relanzo exterior entre os bloques B e C. Se fose posible no ano 2022 arranxarse o relanzo entre os bloques C e D.
- O Orzamento correspondente ao 2022 experimenta un lixeiro incremento respecto ao orzamento do ano 2021 xa que, o 25% do estudantado matriculado no dobre grao ADE-Dereito, foi computado neste Centro.
- Casos COVID do Centro: O Decanato adoptou unhas medidas un pouco mais mais restritivas que as indicadas desde a Reitoría.
- Esta previsto un control Pooling á volta do Nadal.
- Realizouse unha visita, a mediados de outubro, as instalacións López Mora nas que se expuña a posibilidade de recolocar a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Na visita facilitaron



un breve informe de prevención de riscos elaborado, no seu momento, para poder realizar nese espazo os exames en situación covid. Así mesmo, o Decano realizou unha reportaxe fotográfica da visita. Tanto o informe como a devandita reportaxe encóntranse no Decanato a disposición das persoas que desexen consultalos.

3º. Cuestións en materia de Titulacións:

- Recibiuse no Decanato un correo, enviado polo Vicerreitor de ordenación académica e profesorado, recordando que continua sendo necesario levar a cabo o control de asistencia do profesorado ás aulas mediante o escaneado do código QR establecido na mesa do profesorado.

- Creación dunha facultade de “Empresa e Dereito” na Universidade privada ligada a Abanca. Ante as dúbidas de legalidade que suscita esta denominación está pendente unha reunión co Reitor para, no seu caso, adoptar as medidas oportunas.

4º. Parabéns:

- Solicitouse de novo o distintivo de igualdade para o Centro. A solicitude foi preparada pola prof. Marta García Mosquera. O Decano aproveita para transmitirle os parabéns pola labor extraordinaria que está a desenvolver como coordinadora de igualdade do Centro e, sobre todo, pola súa actitude proactiva neste ámbito. O Decano fai unha mención particular a actividade organizada con motivo da celebración do 25-N.

- Parabéns a prof. Helena Martínez Hens e ao prof. Pablo Fernández Carballo-Calero polo nomeamento como directora e secretario respectivamente do Departamento de Dereito Privado.

- Parabéns a nova Catedrática Dereito Administrativo, a prof. Patricia Valcárcel, e a nova Titular Dereito Laboral e da Seguridade Social, a prof. Emma Rodríguez Rodríguez.

- Parabéns aos novos Doutores que están ligados a este Centro: Dª. Mónica García Freiría, D. Antonio Villanueva Martínez e Dª Irene Dozo Mougán.

### **3. Aprobación, se procede, da modificación de datas de exame correspondentes á convocatoria de xullo do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos**

Toma a palabra a Vicedecana Belén Fernández Docampo. Solicita a corrección da data do exame de Dereito Financeiro e Tributario II do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos previsto para o 27 de xullo, que debe constar para o 21 de xullo as 10:00.

Apróbbase a modificación por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, do nomeamento dun representante do alumnado de terceiro ciclo como membro da Comisión Permanente da Xunta de Facultade.**

Toma a palabra Dª Itziar Sobrino García, alumna de terceiro ciclo, e propón como representante a D. Lucas Castro González.

Apróbbase a proposta de nomeamento por asentimento.

### **5. Aprobación, se procede, do nomeamento dun membro vogal titular e dun membro vogal suplente na Comisión de Avaliación por compensación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.**

Toma a palabra a coordinadora do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Manifesta que unicamente é necesario nomear un vogal titular en substitución da prof. Nora Martínez Yañez. Propón para ocupar este posto vacante ao prof. José Ramón Rodríguez Lago .

Apróbbase a proposta de nomeamento por asentimento.



**6. Aprobación, se procede, do nomeamento dun representante de estudantes (1º e 2º ciclo) na Comisión Permanente e na Comisión de Avaliación por Compensación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.**

Propónse como representante en ambas comisións á alumna D<sup>a</sup> Paloma Acosta Virzí.

Apróbase a proposta de nomeamento por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, dos Informes de Coordinación, correspondentes ao curso 2020-2021, dos títulos de Grao e Máster do Centro.**

O Decano informa que xa foron todos os informes validados na Comisión de Calidade e os somete á aprobación da Xunta.

Apróbase por asentimento os Informes de Coordinación correspondentes ao curso 2020-2021.

**8. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento do PAT-ANEAE.**

Toma a palabra a prof. Regina Ibáñez Paz, Vicedecana de calidade do Centro que tras expor resumidamente o contido do devandito Plan manifesta que xa foi validado na Comisión de Calidade.

Apróbase por asentimento o Informe Anual de Seguimento do PAT-ANEAE.

**9. Ratificación, se procede, da Acta do tribunal para a concesión dos premios extraordinarios fin de carreira do Grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do curso 2020-2021.**

O Sr. Decano manifesta que reunida a Comisión, tomando como base da decisión o expediente académico, propónse a Icíá Castro Iglesias para o premio extraordinario do Grao en Dereito e a Israel Fernández Ocampo para o premio do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Ratifícase a proposta.

**10. Aprobación, se procede, da proposta de Tribunais avaliadores de TFG do Grao en Dereito para o curso 2021-2022.**

Toma a palabra o prof. Pablo Riquelme Vázquez e pon de manifesta a proposta de composición de tribunais avaliadores do Grao en Dereito para o curso 2021-2022, aprobada previamente na Comisión de TFG:

**Tribunal 1**

Presidencia: Fernández Docampo, M<sup>a</sup> Belén.

Presidencia suplente: Arias Vázquez, María.

Secretaría: Mariño de Andrés, Ángel Manuel

Secretaría suplente: Ruiz Hidalgo, María del Carmen.

Vocal: Otero Oitavén, Montserrat María

Vocal suplente: Arias Martínez, María Antonia

**Tribunal 2**

Presidencia: Bürgin Piñeiro Oliveira, Annina Cristina.

Presidencia suplente: Tato Plaza, Anxo.

Secretaría: Cominges Cáceres, Javier de.

Secretaría suplente: Vázquez Iglesias, M<sup>a</sup> Dolores.

Vocal: Vadillo Casero, Carlos César

Vocal suplente: Ibáñez Paz, Regina

Apróbase a proposta por asentimento.

**11. Aprobación, se procede, da proposta de Tribunais avaliadores de TFG do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2021-2022.**



Toma a palabra o prof. Pablo Riquelme Vázquez e pon de manifesta a proposta de composición de tribunais avaliadores do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2021-2022, aprobada previamente na Comisión de TFG

### **Tribunal 1**

Presidencia: Martínez Hens, Elena.  
 Presidencia suplente: Torres Pérez, Francisco José.  
 Secretaría: Cal Bouzada, M<sup>a</sup> Isabel.  
 Secretaría suplente: Costas Martínez, M<sup>a</sup> del Carmen.  
 Vocal: Ruiz Cenicerros, Mauricio.  
 Vocal suplente: Pazos Pérez, Alexandre.

### **Tribunal 2**

Presidencia: Durán Vázquez, José Francisco  
 Presidencia suplente: Regueira Núñez, Ernesto.  
 Secretaría: Martínez Fernández, Rafael.  
 Secretaría suplente: García Freiría, Mónica.  
 Vocal: Riquelme Vázquez, Pablo  
 Vocal suplente: Rodríguez Lago, José Ramón.  
 Apróbase a proposta por asentimento

### **12. Aprobación, se procede, da avaliación de informes dos méritos docentes (quinquenios) da convocatoria do ano 2021.**

Infórmase favorablemente a actividade académica desenvolvida na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo polo profesorado que se relaciona a continuación:

INFORMES DE ACTIVIDADE DOCENTE DECEMBRO 2021
APELIDOS NOME
Barreiro Carril María Cruz
Bravo Bosch María José
Caballero Fernández Gloria
Cabeza Pereiro Jaime
Carrera Fenández María Victoria
Durán Vázquez José Francisco
Estévez Abeleira Teresa Dolores
Fernández Prol Francisca
Ferrero Martínez María Dolores
Fuenteseca Degeneffe Margarita
González Rodríguez Rubén
Jiménez Alemán Ángel Aday
Manzano González Baltasar
Movilla Pateiro Laura
Pillado González Esther
Torres Cadavid Natalia
Torres Pérez Francisco José
Valeije Álvarez María Inmaculada
INFORMES DE ACTIVIDADE DOCENTE DECEMBRO 2021

### **13. Rolda aberta de intervencións.**



O Sr. Decano aproveita para felicitar ao prof. Aday Jiménez Alemán polo contrato García Pelayo obtido no “Centro de Estudios Políticos y Constitucionales”.

Sendo as 13:00h, levántase a sesión.

Secretaria  
María Antonia Arias Martínez

*V. e Pr. do Presidente*  
Francisco José Pérez Torres